



Expediente núm.: 169/2025

Asunto: Selección e provisión de postos

Asinado por: Alcaldía

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Primeiro.- Á vista do disposto nas bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal para a contratación dos compoñentes dunha brigada municipal de incendios, integrada por catro peóns forestais (un peón condutor e tres peóns de brigada) e un xefe de brigada, así como tres condutores para o vehículo motobomba ao abeiro do convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de As Nogais, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027, e que foron aprobadas por Resolución desta Alcaldía, nº 2025- 0166, de data 12/06/2025.

Segundo.- Á vista das solicitudes presentadas obrantes no expediente referenciado no encabezado.

Terceiro.- Á vista do disposto no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Declarar definitivamente admitidos ao non haber aspirantes excluídos aos seguintes solicitantes:

MOTOBOMBA:

APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO DA PROBA DE GALEGO
FERREIRO ÁLVAREZ, FÉLIX	***4441**	SI

SEGUNDO.- A composición do Tribunal Cualificador será o seguinte:

PRESIDENTE: : Francisco Pardo Souto, Operario de Servizos Múltiples do Concello de As Nogais.





PRESIDENTE SUPLENTE: María del Carmen García Villamil, Traballadora Social do Concello de Becerreá.

SECRETARIA: Ana Belén Alba González, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de As Nogais.

SECRETARIO SUPLENTE: Severiano Daniel Vázquez Prado, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

VOGAL 1: Demetrio Ruíz Mourín, Subalerno do Concello de As Nogais

VOGAL 1 SUPLENTE: María José Espín Fontal, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Triacastela.

VOGAL 2: Sergio Carballo Marcos, Operario de Servizos Múltiples do Concello de As Nogais.

VOGAL 2 SUPLENTE: José Alberto Gallego Becerra, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Baralla.

VOGAL 3: Sandra Díaz Álvarez, Secretaria-interventora do Concello de As Nogais.

VOGAL 3 SUPLENTE: Julio López Veiga, Traballador Social do Concello de As Nogais.

TERCEIRO.- Convocar ao Tribunal de Selección para a constitución do mesmo, o xoves 3 de xullo, as 09:15 no Salón de Plenos do Concello de As Nogais e á continuación, ás 9:30 para a realización da proba correspondente para condutor de motobomba, convocando, así mesmos aos aspirantes admitidos.

Ás 10:00 horas convocase de novo ao tribunal para a corrección de exames e baremación de méritos.

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web.

QUINTO.- Dese conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal.

Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte ao da publicación, sen prexuízo de que os interesados podan exercer calquera outro que estime oportuno.





No caso de interpoñer recurso de reposición, non se poda interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso interposto.

En As Nogais, na data indicada ao marxe
O Alcalde- Presidente
Jesús Manuel Núñez Díaz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

